



Xullo
de
2012

Proposta para a mellora da planificación e xestión dos Celga



Ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua



Contidos

PRESENTACIÓN DO DOCUMENTO	3
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	4
A IMPLANTACIÓN DOS CELGA DENTRO DO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	6
AS VALIDACIÓNS DOS CELGA E A VALIDEZ DOS VELLAS CERTIFICADOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO	9
A PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DOS CURSOS PREPARATORIOS	14
O ENFOQUE, A METODOLOXÍA, OS MATERIAIS E OS CONTIDOS DOS CURSOS DE FORMACIÓN	20
OS REQUISITOS E CONDICIÓNS DO PROFESORADO	24
AS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO	30

Presentación do documento

Con este documento, a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) presenta unha proposta destinada a mellorar o sistema de acreditación da competencia en lingua galega para persoas adultas, o sistema Celga.

Esta proposta pretende mellorar o modelo actual, polo que, aínda sen descartar a posibilidade de que outros modelos sexan acaídos para a nosa situación sociolingüística, non entramos a valorar aquí posibilidades de sistemas alternativos.

A proposta está feita pola CTNL a partir dun proceso de reflexión e análise dun amplo grupo de persoas con experiencia en distintos ámbitos relacionados cos Celga (técnicos/as de normalización lingüística encargados de convocar, xestionar e difundir cursos e informar a cidadanía sobre o sistema; profesorado colaborador encargado da docencia dos cursos; persoal avaliador das probas de obtención dos títulos, etc.), e tendo en conta ademais as achegas, as ideas e o debate producido na Xornada de análise e avaliación dos Celga que tivo lugar o 28 de xuño de 2012 en Santiago de Compostela, e na que participaron arredor de 150 persoas, entre membros de entidades lingüísticas, técnicos/as de normalización lingüística, profesorado colaborador dos cursos, persoal avaliador das probas Celga, lingüistas, etc., e onde houbo un amplo consenso xeral sobre distintas ideas debatidas.

Así, facemos pública esta proposta para a mellora da planificación e xestión dos Celga e trasladámoslla á Secretaría Xeral de Política Lingüística para que a teña en conta e faga os cambios necesarios no sistema Celga.

Exposición de motivos

Despois de que a Xunta de Galicia comezase a levar adiante un necesario proceso de reformulación do modelo de acreditación da competencia en lingua galega axustándose ao Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa, o galego pasou a ser membro da ALTE (Association of Language Testers in Europe) en novembro de 2005. O sistema vixente ata ese momento de principalmente dous niveis, iniciación e perfeccionamento, que se obtiñan mediante a realización dun curso de 75 horas cada un ou mediante a validación por estudos, tiña que deixar paso a una nova ordenación. Deste xeito implantáronse formalmente en 2007 as novas certificacións Celga, con cinco niveis, que se corresponden cos niveis de competencia lingüística da ALTE e que se axustan ás competencias descritas no Marco europeo común de referencia para as linguas.

Neste sentido cómpre sinalar que o sistema novo mellorou o anterior en moitos aspectos, xa que, por exemplo, garante que as persoas que obteñen o certificado a través das probas teñan que demostrar obxectivamente as súas competencias en lingua galega. Agora ben, a súa implantación provocou tamén algúns desaxustes que aínda hoxe, cinco anos despois, están por valorar, como, por exemplo, se as competencias do sistema Celga se corresponden coas competencias das validacións establecidas e da validez que se lle deu a iniciación e perfeccionamento, ou se este sistema, en xeral, axudou a que mellorasen as actitudes e niveis de uso da lingua galega na sociedade, é dicir, se resultou positivo para o proceso de normalización lingüística.

A SXPL fixo no seu momento un importante esforzo orzamentario no ámbito da formación en lingua para persoas adultas, como podemos comprobar no gran salto orzamentario que houbo para este concepto a partir do ano 2007, cando case se duplicou a cantidade asignada, que pasou de 1.600.000 € a 2.900.000 €. A partir de aí os orzamentos fóronse reducindo notablemente, e pasaron a 1.975.000 € en 2010, a 1.220.000 € en 2011 e a 1.000.000 € en 2012 (-66% con respecto a 2007).



Se ben é certo que ademais dese inicial esforzo orzamentario se deron algúns pasos sobre contidos e métodos docentes, tamén é certo que pouco ou nada se avanzou nos aspectos organizativos máis importantes, como a planificación e convocatoria dos propios cursos ou as condicións do profesorado colaborador.

Desde a CTNL consideramos, polo tanto, que o sistema de acreditación de coñecemento de lingua galega, o Celga, ten moitos aspectos positivos, mais tamén moitos outros discutibles e eivas que se poden e deben corrixir, en cuestións como as validacións e a validez dos vellos certificados de iniciación e perfeccionamento; a planificación, organización e xestión dos cursos preparatorios; o enfoque, a metodoloxía, os materiais e os contidos dos cursos de formación; os requisitos e condicións do profesorado e do persoal avaliador; e as probas para a obtención dos certificados.

Para intentar mellorar neses aspectos é para o que se presenta esta proposta.

A implantación dos Celga dentro do proceso de normalización lingüística

O sistema de acreditación da lingua galega debe ter en conta o proceso de normalización lingüística no que está o galego e, polo tanto, debe servir para avanzar nese proceso.

Deste xeito, entre outras cousas, o sistema débese adaptar ás condicións sociolingüísticas de Galicia, os cursos deben servir tamén para trasladar uns valores positivos cara á lingua galega e débense establecer uns criterios xustos e lóxicos para un uso axeitado dos certificados.

E a implantación do Celga fíxose, nalgúns aspectos, de forma allea a ese proceso normalizador, non tivo en conta suficientemente a situación sociolingüística no noso país, nin se pensaron todos os pasos desa implantación (planificación dos cursos, validez dos antigos certificados, criterios de uso dos certificados na administración, etc.) coa finalidade de mellorar o uso e prestixio da lingua galega, e, se cadra, un modelo de acreditación lingüística que parte da base dun deseño, principalmente, ideado para estudantes de segundas linguas, quizais non sexa o máis acaído para o noso contexto sociolingüístico, sobre todo cando boa parte de persoas que participan nos cursos e que se presentan a esas probas son galegas, e non de fóra, como as que se presentan ás probas nas outras linguas (ás probas de portugués non se presentan portuguesas/as, ás de francés non se presentan francesas/as, ás de español non se presentan españolas e españolas, etc.).

Cómpre, tamén, que desde a SXPL se faga un seguimento e explicación do uso dos Celga en procesos selectivos, concursos, etc., e noutros ámbitos, como, por exemplo, o acceso aos cursos de inserción laboral, pois cremos que non están sendo utilizados sempre de forma axeitada... Só por poñer un exemplo: que sentido ten pedirlle o título de Celga 3 a unha persoa desempregada para poder participar, por exemplo, nun curso de inserción laboral de electricidade? É isto axeitado? É bo? Cal é a finalidade? Con que criterio se fai?

Na actualidade non hai perfís lingüísticos na administración vinculados aos Celga, desde a Xunta non se estableceron pautas de uso dos certificados por parte das distintas administracións, e incluso desde a Dirección Xeral de Administración Local se enviaron cartas a algúns concellos indicando que estes non podían pedir determinados niveis Celga para determinadas prazas, facendo unha errada interpretación da orde na que se establecen as validacións.

Polo tanto, para corrixir estas situacións, propomos que desde a SXPL se faga un seguimento do uso que as distintas entidades fan dos Celga e se elaboren, consensúen e difundan unhas pautas claras para un uso axeitado con fins normalizadores.

Outro aspecto importante no que se perdeu unha boa oportunidade para a normalización coa implantación dos Celga foi coas validacións fixadas e coa validez que se lles deu aos vellos certificados de iniciación e perfeccionamento para o acceso á función pública, que desde a CTNL non consideramos xustas, xa que as competencias que se demostran coa obtención dos niveis Celga nada ou pouco teñen que ver coas competencias adquiridas co modelo anterior, de cursos de iniciación e perfeccionamento, e tampouco coinciden de todo coas competencias adquiridas no ensino regrado.

Na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os Celga estableceuse que para a obtención dos certificados habería que superar unhas probas que convocaría a SXPL, mais tamén que por estudos se poderían obter validacións dos cinco novos niveis (Anexo I) e que os antigos títulos de iniciación e perfeccionamento terían, para o acceso e valoración de méritos no acceso á función pública, a mesma validez que as certificacións de Celga 3 e 4, respectivamente (Disposición adicional segunda).

Así, principalmente, e na práctica, o antigo curso de iniciación ou o título da ESO teñen a mesma validez que o Celga 3 e o antigo curso de perfeccionamento ou o título de Bacharelato que o Celga 4. Deste xeito, con estas validacións o que na práctica se fixo –como indicaron no seu momento diversos colectivos, entre eles a CTNL– foi, por un lado, dar por bo e válido o antigo modelo de cursos de iniciación e de perfeccionamento e, por outro, dar por feito que no sistema educativo regrado non



houbo, non hai e non vai haber problemas con respecto á adquisición da competencia en lingua galega, mais, como demostran diferentes informes e estudos, si os hai¹. Todos os galegos e todas as galegas que nalgún momento fixeron un deses cursos de 75 horas de perfeccionamento e a maioría dos/as que fixeron o BUP teñen xa, dun xeito ou doutro, o certificado que acredita a máxima competencia en lingua esixida para calquera posto de traballo na Administración pública.

A que podería ser unha boa oportunidade para a normalización da lingua, cunhas validacións xustas que fixesen que os traballadores e as traballadoras da Administración se seguisen formando en lingua, para así obter un nivel oficial superior que agora xa teñen practicamente todos/as por defecto, foi desaproveitada.

Ademais, cómpre ter en conta que en 2009 se modificou o artigo 35 da Lei da función pública, polo que as persoas aspirantes a traballar na administración xa non teñen que demostrar no proceso selectivo a súa competencia práctica para desenvolveren o seu traballo na lingua propia do país, pois xa non teñen que facer unha das probas en galego, e, analizado o sistema de validacións actual, poucas garantías hai de que todas as persoas que acceden á función pública teñan uns coñecementos axeitados mínimos de lingua galega.

¹ Véxanse, por exemplo: *Informe sobre o estado e a situación do sistema educativo en Galicia*, Consello Escolar de Galicia (2007); *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na educación secundaria obrigatoria*, Bieito Silva (coord.), Consello da Cultura Galega e Instituto de Ciencias da Educación (2008); ou *Avaliación da competencia do alumnado de 4.º da ESO nos idiomas galego e castelán*, Bieito Silva (coord.), Instituto de Ciencias da Educación (2010).

As validacións dos Celga e a validez dos vellos certificados de iniciación e perfeccionamento

Como desde a CTNL xa sinalamos desde o inicio da implatación do sistema (<http://www.ctnl.org/web/notic.php?ide=63>), coa regulación inicial dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en 2007, perdeuse unha boa oportunidade para a normalización lingüística, establecendo unhas validacións e unha validez dos certificados do vello sistema pouco axeitadas, como explicamos a continuación.

No *DOG* do 30 de xullo de 2007 publicouse a Orde pola que se regulan os Celga (<http://ir.gi/5df84b>), así como o Anexo que recolle as validacións correspondentes para os estudos de galego feitos ata ese momento e unha disposición (a adicional segunda) que lles dá validez aos títulos de iniciación e perfeccionamento para o acceso á función pública ou para valoracións de méritos na administración. Nesta Orde establécense, dun ou doutro xeito, as seguintes validacións principais, de maneira resumida:

- Valídanse polo Celga 1: nivel elemental de lingua e cultura galegas para persoas estranxeiras, curso de lingua galega para non galegofalantes ou certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED.
- Valídanse polo Celga 2: graduado escolar, nivel medio de lingua e cultura galegas para persoas estranxeiras ou nivel medio dos estudos de galego da UNED.
- Valídanse polo Celga 3: ESO ou FP1 ou ciclo elemental de galego das escolas oficiais de idiomas.
- Valídanse polo Celga 4: Bacharelato (LOXSE), BUP ou FP2 ou curso de especialización en lingua galega para profesorado de EXB.
- Valídanse polo Celga 5: licenciatura en Filoloxía Galega ou equivalente, calquera outra licenciatura, diplomatura ou equivalente con 18 créditos de lingua galega e ciclo superior de galego das escolas oficiais de idiomas.



- Ten a mesma validez que un Celga 3, segundo a disposición adicional 2ª da Orde, para o acceso e valoración de méritos na función pública, o certificado de iniciación.
- Ten a mesma validez que un Celga 4, segundo a disposición adicional 2ª da Orde, para o acceso e valoración de méritos na función pública, o certificado de perfeccionamento.

Tendo en conta, principalmente, que, na práctica, para o acceso e valoración de méritos na función pública, o curso de iniciación e ESO teñen o mesmo valor que o Celga 3 e que perfeccionamento e Bacharelato que o Celga 4, o que se fixo, na práctica, con estas valideces foi dar por bo e válido o antigo modelo de cursos de iniciación e de perfeccionamento e dar por feito que no sistema educativo regrado non houbo nin hai problemas con respecto á adquisición da competencia en lingua galega, pasando por alto notorias deficiencias que detectan diversos informes existentes en materia de lingua galega no ensino como, por exemplo, o Plan xeral de normalización da lingua galega ou os informes do Consello Escolar de Galicia ou do Instituto de Ciencias da Educación.

Cómpre ter en conta, ademais, que os títulos de iniciación e de perfeccionamento se obtiñan pola asistencia a un curso, polo que, eses títulos realmente non garanten competencias lingüísticas axeitadamente, e menos comparables ás esixidas para os niveis de Celga 3 e de Celga 4.

Así, consideramos que, coa aprobación destas validacións e coa validez que se lles deu aos certificados de iniciación e perfeccionamento:

- Anulouse na práctica a necesidade de seguir aprendendo e mellorando galego: a necesaria formación da sociedade para conseguir unha verdadeira normalización lingüística disfrazouse baixo a posesión dunha certificación que acredita coñecementos que non necesariamente se teñen (principalmente dándolles a mesma validez aos cursos de iniciación e perfeccionamento que a Celga 3 e Celga 4, respectivamente).
- Desbotouse a posibilidade de deseñar un modelo que establecese perfís lingüísticos estandarizados adecuados aos postos de traballo nas

administracións públicas, pois a gran maioría das persoas que ocupan eses postos ou que poden optar a eles xa teñen os certificados que avalan un coñecemento de lingua galega superior. Con isto non se axuda a garantir de ningún xeito que as traballadoras e os traballadores da Administración pública teñan o coñecemento de galego necesario para desempeñaren o seu traballo nesta lingua, de maneira que non se garanten os dereitos lingüísticos da cidadanía. É difícil, así, establecer uns requisitos de competencia en lingua claros e estandarizados para o acceso á función pública (nin no ensino, nin na sanidade, nin na Administración autonómica, nin na administración local, nin na universidade, etc.).

- Desaproveitouse a oportunidade de incentivar os traballadores e as traballadoras da Administración pública para seguir formándose en lingua, pois practicamente todos/as teñen xa a acreditación do máximo nivel que lles é necesario ou recomendado para o seu posto (por validación cos estudos ou por darlle a iniciación e perfeccionamento a mesma validez que ao Celga 3 e 4, respectivamente), e outra formación en lingua na que poidan participar non vai ter ningún recoñecemento formal a maiores do que xa teñen.

Polo tanto, ao se dificultar a posibilidade de establecer perfís lingüísticos estandarizados para os postos de traballo da Administración e ao non motivar os traballadores e as traballadoras para seguir formándose en lingua, perdeuse unha grande oportunidade de avanzar no proceso de normalización lingüística.

Por estas razóns, consideramos que cómpre unha análise das validacións e un proceso de revisión consensuado con todos os sectores implicados e que procure avanzar nunha maior capacitación lingüística da cidadanía e no proceso de normalización lingüística e que motive á poboación a seguir formándose en lingua.

Para isto, poderíase comezar por:

- Facer unha cala entre alumnado de primaria, secundaria, FP, bacharelato e escolas oficiais de idiomas, para coñecer a súa capacitación lingüística real en relación cos Celga. Deste xeito poderíanse ter datos fidedignos para revisar e



establecer unhas validacións reais e útiles para avanzar no proceso social de normalización da lingua galega.

- Establecer uns obxectivos claros e introducir medidas planificadas que garantan a adquisición dunha plena competencia en lingua galega no sistema educativo regrado.
- Debater e estudar entre todos os sectores implicados as validacións e a validez de iniciación e perfeccionamento, para que estas sexan útiles, apropiadas, xustas, fiables, tecnicamente correctas e que sirvan para avanzar no proceso de normalización da lingua galega.

Aínda que non resolve completamente o problema, unha proposta de mellora que pode significar un pequeno avance do xeito máis sinxelo posible é:

- **Activar o nivel Celga 5, convocando probas para a súa obtención e téndoo en conta en procesos selectivos na administración**

Actualmente, o Celga 5 non se pode obter superando unha proba, coma o resto de niveis, senón que a única maneira de obtelo é mediante validación, coa licenciatura en Filoloxía Galega ou equivalente, calquera outra licenciatura, diplomatura ou equivalente con 18 créditos de lingua galega e ciclo superior de galego das escolas oficiais de idiomas. Ademais, este nivel, en xeral, non é nin esixible nin puntuable en procesos selectivos de ningún tipo, a non ser en postos específicos vencellados coa lingua galega (nomeadamente, técnicos/as de normalización lingüística, lingüistas ou similares).

Polo tanto, sen modificar a descrición actual do nivel (competencia no uso da lingua suficiente para desenvolverse sen dificultades e con corrección en calquera tipo de situación de comunicación, desde a máis informal ata a máis formal), nin a súa correspondencia co C2 do MCERL e co 5 de ALTE, a proposta é que se convoquen probas para a acreditación dese nivel Celga 5, e que, ademais, desde a SXPL se dean pautas e se incite a que se teña en conta para os postos máis altos

na administración e para postos de libre designación, xefaturas de servizos, subdireccións, etc.

Esta non sería unha solución total para os actuais problemas das validacións e da validez dos vellos certificados de iniciación e perfeccionamento, mais sería a maneira máis doada de que houbera un avance que incentivase á cidadanía, nomeadamente ao persoal ao servizo da administración pública, a seguir formándose en lingua.

A planificación, organización e xestión dos cursos de lingua galega

- **Planificación anual da oferta formativa, de forma que se cubra todo o territorio, e convocatoria unitaria**

Os actuais cursos preparatorios para as probas de obtención dos Celga organízanse, maioritariamente, baixo demanda de colectivos e entidades (excepto nas cidades), sen unha planificación territorial previa que cubra todo o país e que lle facilite a posibilidade de asistir a cursos a toda a cidadanía. Isto provoca que haxa comarcas enteiras nas que non hai ningún curso en todo o ano mentres hai outras en que se desenvolven varios cursos do mesmo nivel e ao mesmo tempo.

En vez desa convocatoria baixo demanda, propomos unha planificación anual da oferta formativa en coordinación e colaboración cos servizos de normalización lingüística (SNL) dos concellos, por seren estes departamentos os que, por un lado, mellor coñecen a realidade e as necesidades formativas reais dos municipios e comarcas, e por outro, por seren quen, na práctica, difunden e xestionan a realización dos cursos de lingua galega por todo o país. Esta planificación e colaboración permitiría saber, xa a principio de ano, que cursos habería en cada localidade e/ou comarca, e as súas datas e horarios, o que permitiría, ao mesmo tempo, poder desenvolver unha maior e mellor difusión da formación en lingua galega dirixida ao conxunto da cidadanía, publicitando a convocatoria dos cursos no seu conxunto a nivel galego (mediante anuncios, folletos, publicidade, prensa, etc.), e unificando e simplificando o método e o prazo e inscrición.

Ademais, este método remataría tamén co problema actual da falta de garantías na realización de cursos solicitados con persoas inscritas. Cando unha entidade, principalmente os SNL, decide organizar algún curso, para poder solicitalo ten que presentar xa a listaxe de persoas (pre)inscritas. Para iso, ten que abrir un prazo de (pre)inscrición no que as persoas se teñen que (pre)inscribiren sen ter ningunha seguridade de que o curso se vaia realizar. Polo tanto, as persoas interesadas en facer o curso de lingua non se inscriben en realidade no curso, inscríbense nunha



posibilidade. Os hipotéticos cursos poden finalmente non desenvolverse por diversos motivos: denegación da solicitude ao colectivo ou entidade (principalmente SNL) por parte da SXPL; non haber finalmente o alumnado mínimo requirido; baixas entre as persoas preinscritis, etc. Xa que logo, non ten sentido que os SNL teñan que previamente programar un curso e inscribir xente para que logo a SXPL lle diga se realmente vai haber ese curso ou non.

Así, a planificación anual da oferta formativa en colaboración e coordinación cos SNL e unha convocatoria unitaria, melloraría moito a xestión dos cursos, e tamén a súa difusión, xestión e a inscrición.

- **Simplificación e modernización do método de inscrición nos cursos**

Na actualidade non hai un método estandarizado de inscrición nos cursos de lingua galega. Por un lado, para os cursos de programación directa por parte da SXPL que teñen lugar nas cidades, o método de inscrición é entregando por rexistro, dirixido á Xunta, unha solicitude en papel que se publica no *DOG* como anexo á convocatoria e, por outro lado, cada entidade –principalmente concellos a través dos seus SNL–, que organiza cursos establece os seus prazos e tamén o seu método (nuns casos ten que ser por rexistro, noutros casos pode ser por teléfono ou correo electrónico, noutros hai que acudir persoalmente para anotarse, nuns casos hai que entregar fotocopia de documento de identidade e noutros non, etc.).

Polo tanto, consideramos necesario que se debe unificar o método e os prazos de inscricións, e que se debe modernizar e simplificar o procedemento, para o que propomos que a convocatoria de todos os cursos se faga conxuntamente na rede (previa planificación e coordinación entre a SXPL e os SNL), e que o método de inscrición para todos os cursos sexa mediante un único formulario web, que se pode cubrir directamente ou acudindo a un servizo de normalización lingüística (SNL) que preste apoio.



- **Que os cursos sexan de formación en lingua galega, non só preparatorios para as probas**

Actualmente, os cursos de galego para persoas adultas que se convocan desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística son, textualmente, segundo a propia orde, "cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4" (<http://ir.gi/64f193>). Aínda que cremos que, en boa parte, eses cursos deben ser, efectivamente, preparatorios para as probas, consideramos oportuno que a súa planificación e convocatoria sexa máis xeral como cursos de formación en lingua galega, e non só preparatorios para eses exames. Deste xeito, tamén teñen que estar orientados e pensados para persoas que se queren formar en lingua sen pretensión de se presentaren ás probas e, ademais, isto permitiría, na mesma convocatoria, incluír outros niveis ou módulos, como propomos neste mesmo documento, sen unha equivalencia exacta con ningún dos niveis Celga (por exemplo, algún curso ou módulo de alfabetización en galego).

- **Nivelación previa do alumnado para participar nun curso dun determinado nivel**

O único requisito para poder asistir a un dos actuais cursos preparatorios para as probas Celga é ter cumpridos os 16 anos, sen máis. Isto provoca que nos cursos o profesorado se atopa con que o nivel do alumnado de cada aula é moi dispar, coa conseguinte dificultade que isto implica para o eficiente desenvolvemento da docencia, máis se temos en conta o elevado número de persoas que poden participar en cada curso (ata 30, en teoría). Polo tanto, é imposible poder desenvolver unha docencia lingüística eficaz e de calidade con grupos tan numerosos e cunha competencia lingüística tan desigual.

En teoría, segundo a disposición quinta da orde de convocatoria dos cursos de 2012 (http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/FormacionCelga_2012.pdf), o profesorado, no momento de iniciar o curso, debe valorar os coñecementos previos do alumnado e, se fose conveniente, indicarlle o nivel máis aconsellable para os seus coñecementos. Mais, na práctica, isto non significa nada pois, por un lado, o mais probable é que ese alumno ou alumna non poida cambiar de curso, pois foi admitido nese e é posible que non teña praza noutro ou que non haxa preto do seu



lugar de residencia e, por outro lado, ese alumno ou alumna cumpre os requisitos para permanecer nese curso, polo que non ten por que cambiar.

Por estes motivos, e na procura de conseguir unha maior eficiencia dos cursos e unha maior calidade formativa, propomos que para poder matricularse nun determinado nivel sexa requisito que o alumno ou alumna acredite o nivel anterior. Isto é, para, por exemplo, poder participar nun curso de Celga 4, que se teña que acreditar o nivel Celga 3. Deste xeito poderanse crear grupos máis ou menos homoxéneos en canto a coñecementos de lingua previos no nivel axeitado, o que permitirá un mellor desenvolvemento do curso e unha maior calidade formativa e adecuación ao nivel.

- **Fixación de grupos formativos máis reducidos**

Segundo se sinala na disposición segunda da orde de convocatoria de formación de 2012 (http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/FormacionCelga_2012.pdf), para poder solicitar un curso débese contar cun mínimo de 20 persoas, e segundo se sinala na disposición quinta desa mesma orde, o número máximo de asistentes a cada curso será de 30.

Tendo en conta as características dos cursos, o carácter preparatorio para unhas probas, a metodoloxía práctica que se debe empregar, a atención e seguimento axeitado ás persoas participantes, e para poder desenvolver unha formación lingüística eficaz e de calidade, propomos que os grupos non superen os/as 20 alumnos/as.

- **Recoñecemento de asistencia aos cursos**

Desde a implantación dos Celga vén sendo bastante habitual a asistencia irregular aos cursos e, sobre todo, que o número de persoas participantes vaia descendo a media que o curso vai avanzando. Para evitar iso, sería positivo que houbera un certificado de asistencia que unicamente recoñecese a participación no curso e que se lles dese ás persoas que asistisen, por exemplo, cando menos, ao 85% das horas. Este certificado de asistencia debería especificar claramente que só



recoñece o número de horas de asistencia a un curso, mais que nada ten que ver coa certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento de galego (Celga).

Consideramos que este certificado, por un lado, axudaría a unha participación máis regular e ao non abandono e, por outro, consideramos que sería xusto recoñecer formalmente, como en calquera outro curso, o número de horas que unha persoa participa nunha acción formativa.

Ademais, isto sería aínda máis pertinente no caso de que os cursos non se formulen nin se planifiquen tan só como "preparatorios para as probas", senón como cursos de diferentes tipos e niveis de formación en lingua.

- **Posibilidade de taxa simbólica que inclúa material e dereito a exame**

Ata o momento, todos os cursos organizados son gratuítos. Isto está ben, pois así, o custo económico non é un impedimento para ningunha persoa. De todos os xeitos, cómpre valorar a posibilidade de fixar un prezo simbólico, que non supuxese problema para ninguén, mais que axudase a, por un lado, que a xente valorase máis esta formación en lingua e, por outro, que axudase a que non houberse tanto abandono unha vez comezados os cursos.

Ademais, podería valorarse a posibilidade de que esa taxa xa incluíse o dereito de asistir a exame e, tamén, que a recadación pola cota de participación servise para que o alumnado puidese contar con máis e mellor material formativo.

- **Espazos axeitados para a docencia de lingua**

Os espazos en que se desenvolven os cursos son do máis variado. Nalgúns casos as aulas contan cos recursos necesarios para a docencia en lingua, mais en moitos outros non, xa que hai cursos que se desenvolven en lugares sen mesas, sen encerado, sen uns medios técnicos mínimos, etc.

Para os cursos é necesario, polo tanto, contar con aulas axeitadas que teñan unha serie de recursos para formación en lingua minimamente adecuados, como, cando



menos, cadeiras e mesas, encerado, medios de reprodución de son e/ou imaxe e posibilidade de acceso a internet cando fose necesario ou posibilidade de uso nalgúns sesións dunha aula de informática, e así debería preverse na planificación e fixarse como requisito.

O enfoque, a metodoloxía, os materiais e os contidos dos cursos de formación

- **Maior atención ás actitudes e usos lingüísticos**

O desenvolvemento de cursos de lingua todos os anos e por todo o país, no noso contexto sociolingüístico, ten que servir tamén para mellorar actitudes e usos lingüísticos. De pouco ou nada serve que dun curso as persoas participantes saian sabendo que ‘móbil’ se escribe con -b- ou distinguindo ben as sete vogais, se pensan, por exemplo, que o galego é lingua imposta ou que non é axeitada para usar en todos os contextos.

A planificación dos cursos, os seus contidos, a metodoloxía, os materiais, a formación do profesorado, o desenvolvemento de actividades, etc., teñen que ter en conta isto e tense que ter sempre presente o obxectivo de que os cursos sirvan para mellorar as actitudes e os usos lingüísticos da poboación.

- **Materiais dirixidos a galegofalantes**

Boa parte das persoas asistentes aos cursos preparatorios para as probas Celga, en moitos casos a gran maioría, son galegas e coñecedoras do galego, non obstante, o deseño xeral dos materiais editados pola Xunta (*Aula de galego 1, 2, 3 e 4*) están pensados para a aprendizaxe da lingua galega como lingua estranxeira ou segunda lingua, isto é, non deseñados para persoas xa coñecedoras espontáneas de galego.

Cremos, polo tanto, que sería necesario que tamén houbera materiais específicos para formación lingüística e para a preparación das probas de obtención dos Celga por parte de galegofalantes, perfil en moitos casos maioritario das persoas que participan nos cursos e que asisten aos exames.

- **Medidas e recursos específicos e adecuados para a preparación das probas**

Aínda que, ata o momento, os cursos de galego organizados pola Xunta de Galicia son ofrecidos como cursos preparatorios para as probas Celga, os únicos materiais editados están pensados para a aprendizaxe xeral da lingua galega, non especificamente para a preparación dos exames para a obtención do Celga.

Polo tanto, alén dos materiais de aprendizaxe de lingua *Aula de galego*, consideramos que sería interesante a edición dalgúns outros materiais complementarios para a preparación das probas, con exercicios específicos, supostos prácticos, etc.

En relación con isto, tamén é necesario formar e informar o profesorado sobre a dinámica dos exames, pois, ao non seren todos/as os/as profesores/as tamén avaliadores/as, hai parte deles/as que nunca asistiron a unhas probas de obtención do Celga e que non coñecen, na práctica, o seu desenvolvemento, o que sería interesante para transmitirle ao alumnado e para preparar mellor esas probas.

- **Máis tempo de formación**

Ata o ano pasado (2011), os cursos de galego ofertados desde a Xunta de Galicia constaban de 75 horas de formación, e desde este ano (2012) rebaixáronse a 70 horas. Ademais, case todos os anos, polos prazos fixados desde a Xunta, os cursos téñense que concentrar en tres meses ou menos, o que obriga a unha formación intensiva, con clases de dúas horas durante catro ou cinco días á semana.

Para a aprendizaxe dunha lingua e para a preparación de cada nivel Celga, consideramos que a duración desta formación ofertada é escasa, polo que propomos, por un lado, un aumento no número de horas e, por outro, un prazo maior para a impartición dos cursos, que permitiría poder desenvolver algúns con menos días de clase á semana e máis alongados no tempo durante varios meses,

o que podería significar unha mellor e maior asimilación dos contidos por parte do alumnado e, polo tanto, unha maior calidade do ensino.

- **Cursos ou módulos de alfabetización á parte dos cursos dos niveis Celga**

Un perfil bastante abundante entre os/as participantes nos cursos preparatorios para as probas Celga é o de persoas que teñen o galego como lingua inicial e como lingua habitual, mais que as súas dificultades están máis no terreo da alfabetización.

Deste xeito, para contribuír, por un lado, a que este perfil abundante teña unha formación máis específica e, por outro lado, a que así nos cursos dos distintos niveis Celga os grupos sexan máis homoxéneos, propomos que se oferten tamén cursos ou módulos específicos e complementarios previos de alfabetización en galego.

- **Formación específica completa e de calidade para o profesorado**

Ademais da formación lingüística que o profesorado dos cursos de galego debe ter, é fundamental a súa formación en docencia da lingua e en metodoloxías para esa docencia. Así, é necesario ofrecerlle ao profesorado un programa de formación práctico en didáctica da lingua, no que se traballen e intercambien metodoloxías, experiencias, materiais, etc., e tendo en conta a situación sociolingüística do noso país, que os cursos deben dotar o alumnado de competencia comunicativa, os distintos perfís do alumnado, que o ensino é dinámico e está en constante evolución e que esta formación en lingua de persoas adultas debe servir tamén para mellorar usos e actitudes lingüísticas.

En principio, o profesorado colaborador debe acreditar formación lingüística, mais non formación e/ou capacidade didáctica. Polo tanto, esa formación didáctica da lingua débesele facilitar desde a SXPL. Na actualidade só se desenvolven algúns cursos puntuais e moi breves cunha parte de didáctica da lingua, mais estes son escasos e excesivamente curtos.



Polo tanto, cómpre deseñar unha formación específica máis completa, dinámica e axeitada dirixida ao profesorado colaborador, que inclúa cursos, xornadas de intercambio, materiais, etc.

- **Actualización, activación e difusión da plataforma de intercambio de materiais para os cursos**

No seu día, cando en 2007 se comezou coa docencia dos cursos adaptados ao sistema Celga, a Secretaría Xeral de Política Lingüística creou o que chamou *Aula de galego*, unha plataforma na rede de intercambio de materiais que, segundo se sinala, é “unha ferramenta colaborativa na que todos os profesores que o desexen poden facer as súas achegas co fin de contribuír á creación dun banco de actividades de aula adecuadas aos novos modelos de ensino do galego”.

Actualmente, a ese espazo aínda se pode acceder a través do web da SXPL, mais nel continúan, tan só, as dúas dúcias de fichas iniciais que se publicaron hai cinco anos no momento de creación da plataforma (sobre expresión oral, desinhibición e reflexión sociolingüística), e o espazo non se utilizou máis, nin se promocionou, nin se actualizou, nin se dá a coñecer entre o profesorado para que poida ser utilizado.

O enderezo para acceder a esta plataforma aínda está activo en [www.xunta.es/linguagalega/aula de galego](http://www.xunta.es/linguagalega/aula_de_galego), para buscar recursos en <https://xescur.xunta.es/xescur/Web/recursosAula/BuscarRecursos.do?accion=cargar> e para crealos en <https://xescur.xunta.es/xescur/Web/recursosAula/AutenticacionWeb.do?tipo=cargarXesrec>.

Propomos, pois, que este espazo colaborativo sexa actualizado e activado, mellorado, difundido entre o profesorado e que se incentive o seu uso para o intercambio de materiais útiles e variados para usar nos distintos contextos e situacións nos cursos.

Os requisitos e condicións do profesorado

- **Creación dun equipo docente estable para a formación lingüística**

A proposta primeira e básica da CTNL con respecto ao profesorado para a formación de galego de persoas adultas é a creación dun equipo docente estable e profesionalizado, seleccionado e contratado a través dun proceso selectivo público de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, o que suporía:

- Mellor aproveitamento dos recursos públicos** destinados para este fin, pois cos mesmos recursos económicos por parte da administración melloraríanse notablemente tanto as condicións laborais do profesorado como a calidade da oferta formativa. Por exemplo, na convocatoria de cursos preparatorios para as probas Celga de 2009 (*DOG* do 2 de decembro de 2008) sinalábase que só para eses cursos a SXPL dedica 812.500 €, para un total de 250 cursos. Só con esa cantidade (e, polo tanto, sen contar os custos de avaliacións, preparacións de materiais, cursos de linguaxes específicas, etc., [para o que había orzamentado en 2010 un total de 1.975.000 €]) a SXPL podería crear un corpo estable de, como mínimo, 20 profesores e profesoras (calculando uns custos por profesor/a duns 40.000 € anuais). Coa contía destinada en 2012 nos orzamentos da SXPL para cursos e actividades de formación (1.000.000 €), poderíase manter un corpo de 25 docentes estables, que se poderían encargar de dar varios cursos ao ano, non só Celga, senón tamén de linguaxes de especialidade ou de lingua para diversos sectores, ademais doutras accións formativas puntuais, de preparar accións e materiais didácticos, etc. Isto é, cos mesmos recursos poderíase facer máis e mellor.
- Transparencia** na fase de incorporación ao grupo de profesorado mediante un proceso de selección público e publicitado no que se avalíen axeitadamente as competencias e capacidades para a docencia lingüística das persoas aspirantes, e no que se garantan os principios de igualdade, mérito e



capacidade das persoas que se van incorporar, xa que ata o de agora o método empregado non sempre é rigoroso nin sempre garante as competencias e capacidades do profesorado.

- c. **Mellora da calidade do ensino**, posto que o proceso selectivo garantiría as competencias e capacidades, tería dedicación exclusiva para a tarefa docente e estaría máis e mellor preparado e motivado para practicar a docencia, adaptando os contidos de cada nivel a cada realidade e mellorando constantemente a metodoloxía e os niveis de competencia. Ademais, a existencia dese equipo permanente permitiría unha mellor planificación, unha mellor oferta adaptada ás necesidades formativas da poboación e de sectores específicos, etc.

Mais, transitoriamente, mentres non se cree ese corpo de profesorado estable, cremos que se deben mellorar algunhas cuestións relacionadas coas condicións do profesorado, cos requisitos, coa súa formación, coas listaxes, etc., como son as seguintes:

- **Contratación formal do profesorado colaborador**

Agora mesmo non se establece relación laboral formal entre o profesorado colaborador e a Xunta de Galicia, pois esta non o dá de alta na Seguridade Social durante os cursos nin cotiza por el, con todos os prexuízos que isto supón e coas graves consecuencias que pode significar, por exemplo, en casos de posibles accidentes.

Polo tanto, propomos que se corrixa esta grave situación irregular e que durante os cursos o profesorado estea formalmente contratado, coa correspondente cotización e alta na Seguridade Social, e coas condicións e dereitos lóxicos e básicos de calquera traballador/a.



- **Clarificación e mellora dos requisitos para acceder á listaxe de profesorado colaborador coa finalidade de garantir a calidade dos cursos**

No *DOG* do 17 de xaneiro de 2007 publicouse a Resolución pola que se convocan as listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola SXPL (<http://ir.gi/2fa9dc>), no *DOG* do 20 de marzo de 2007 publicouse unha Resolución pola que se modifican os criterios para formar parte desa lista (<http://ir.gi/0c37dc>) e no *DOG* do 18 de xaneiro de 2011 publicouse unha nova modificación deses criterios (<http://ir.gi/427aa9>). Deste xeito, de acordo coa última resolución, textualmente «Poderán solicitar ser inscritas na lista as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ser licenciado/a en filoloxía galega ou en filoloxía hispánica, sección galego-portugués, ou ser graduado en lingua e literatura galega.
2. As persoas que xa impartisen cursos de galego como profesores colaboradores desta secretaría xeral.
3. Ter feitos e avaliados positivamente os cursos de formación para profesorado de lingua galega, linguaxes especializadas e/ou extensión cultural que realiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística.
4. [...] Ser demandante de emprego en situación laboral de desempregado/a. No momento de ser nomeado para impartir un curso, o profesor ou profesora colaborador/a deberá entregar no gabinete de normalización lingüística da súa respectiva provincia:
 - [...]
 - No caso de que vaia impartir un curso Celga, o informe de situación laboral e situación administrativa expedido pola oficina de emprego en que figure como situación laboral actual desempregado/a.»

Deste xeito, atendendo á textualidade da última resolución, as persoas que queiran formar parte desa listaxe teñen que cumprir todos eses requisitos, o que se contradí co establecido na resolución publicada en marzo de 2007, na que se dicía que «Malia o previsto nos parágrafos 1º e 2º deste artigo [correspondentes co 1.º e o 3.º da resolución máis actual], poderán solicitar a súa inscrición nestas listas as



persoas que xa impartisen cursos de galego como profesores colaboradores desta secretaría xeral».

Xa que logo, se como se entende da última resolución hai que cumprir todos os requisitos, o segundo deles (“As persoas que xa impartisen cursos de galego como profesores colaboradores desta secretaría xeral”) é totalmente inxusto, pois só poderían formar parte da lista as persoas que xa impartisen algún curso con anterioridade, polo que non poderían incorporarse persoas novas e incluso se terían que eliminar da lista as persoas que ata ese momento cumprían os requisitos, mais que aínda non impartiron ningún curso.

Se, pola contra, a resolución está mal redactada e o que se pretende dicir é que as persoas que xa impartisen cursos de galego coa SXPL xa non teñen que cumprir outros requisitos, como o da titulación (Filoloxía Galega ou equivalente) ou o dos cursos de formación, entendemos que así se deixa de garantir a acreditación académica do dominio necesario da lingua galega e mais a acreditación didáctica que supón os cursos de formación para o profesorado, algo que pode influír negativamente na calidade dos propios cursos. Non dicimos con isto que esas persoas non teñan o dominio necesario da lingua galega ou capacidade didáctica axeitada, senón que non se lles esixe a súa acreditación, nin práctica nin académica, o que non é aconsellable para ser docente de cursos de lingua galega para persoas adultas.

Polo tanto, consideramos que se deben clarificar e mellorar eses requisitos para formar parte da listaxe para a docencia dos cursos Celga, para o que, en canto aos requisitos que acrediten coñecementos e capacidades lingüísticas e docentes, propomos que, cando menos, sexan:

- Ser licenciado/a en filoloxía galega ou en filoloxía hispánica, sección galego-portugués, ou ser graduado en lingua e literatura galega.
- Ter feitos e avaliados positivamente os cursos de formación para profesorado de lingua galega realizados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Ademais, propomos que se leve a cabo un proceso de revisión dos criterios de puntuación das listaxes, tanto de profesorado colaborador como de avaliadores/as, e que se negocien e consensúen cos distintos sectores implicados eses criterios e esas puntuacións, para que sexan o máis xustas posible e que garantan a mellor calidade formativa e de avaliación.

- **Listaxe pública de chamamento e de cursos impartidos**

Para unha maior transparencia da listaxe de profesorado colaborador propomos, como houbo no seu momento ou como hai no corpo de profesorado de ensino secundario regrado, unha listaxe pública de chamamento e de cursos impartidos, onde a través da rede se poida comprobar que curso(s) impartiu e/ou está impartindo cada persoa, quen vai ser a seguinte persoa da listaxe en ser chamada, que persoas renunciaron a cada curso, etc.

- **Mesma listaxe para todos os tipos de curso**

Agora mesmo impártense cursos de niveis Celga 1, 2, 3 e 4 presenciais e, de momento, só do nivel 1 en liña, mais, para esta formación en liña non se está seguindo a mesma listaxe que para a presencial.

Para unha maior transparencia propomos que para todos os tipos de cursos, tanto presenciais como en liña, se siga a mesma listaxe pública.

- **Convocatoria anual de cursos de formación para profesores/as e avaliadores/as**

Ademais de ofertarse unha formación específica completa e de calidade, como sinalamos no apartado referido aos materiais e metodoloxías, consideramos que esta debe ser anual, tanto en cursos para profesorado novo como en actividades formativas para o intercambio de experiencias e/ou reciclaxe do profesorado colaborador.

Ter feito satisfactoriamente o curso de profesorado colaborador ou de avaliador/a é requisito para formar parte da listaxe, mais, se este curso non se oferta anualmente, as persoas que rematan a licenciatura ou grao en galego non se



poden incorporar a esa listaxe ata que se convoque ese curso, polo que, non convocalo anualmente supón unha discriminación para esas persoas.

Ademais, consideramos que esa non debería ser a única formación do profesorado, polo que propomos, ademais, que desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística se organicen outras accións nas que o profesorado poida coñecer e intercambiar experiencias e metodoloxías, afondar na didáctica, compartir materiais, formarse en diversas cuestións prácticas e útiles para mellorar a docencia nos cursos, etc.

As probas para a obtención do certificado

- **Mínimo de dúas convocatorias anuais de probas para a obtención dos certificados**

Nos últimos dous anos só se realiza unha convocatoria de probas cada ano, no mes de maio ou xuño. Isto implica, por un lado, que se acumula toda a oferta formativa en dous ou tres meses e, por outro, que se unha persoa non supera o exame, ten que agardar un ano enteiro para ter unha nova oportunidade de obter o título, coas graves consecuencias que iso pode ter para moita xente en canto a non poder presentarse a procesos selectivos, a non poder asistir a cursos de inserción laboral, a non poder optar a determinados postos de traballo, etc..

Polo tanto, é necesario que, como mínimo, haxa dúas convocatorias de probas ao ano, cando menos momentaneamente e nos próximos catro anos.

- **Posibilidade de certificación por destrezas**

Cómpre valorar a posibilidade de que haxa certificacións por destrezas. Isto sería máis xusto; serviría para, a partir deses certificados, crear perfís lingüísticos na administración máis útiles e lóxicos (hai postos nos que debería ser requisito, por exemplo, un nivel oral moi alto, mais que non sería necesario o mesmo nivel escrito, e viceversa); e serviría, ao mesmo tempo, para adaptar mellor o sistema ao noso contexto sociolingüístico, no que hai unha boa parte da poboación galegofalante habitual, sobre todo maior, que nunca poderá acadar un certificado Celga completo por problemas de alfabetización ou escritura, mais que si ten unha calidade lingüística oral moi alta que podería e debería ser recoñecida, o que axudaría ademais a que se valorase a lingua oral da poboación galegofalante e que non se afondase en prexuízos.

- **Realización dun pequeno informe de cada candidato/a nas probas**

Actualmente o único dato que se lles facilita por defecto ás persoas que se presentan ao exame sobre os coñecementos e competencias demostradas é se son aptas ou non aptas no nivel de Celga correspondente. Posteriormente, en caso de que soliciten unha revisión do exame, díselles, en caso de non estaren aptas, en que destrezas non acadaron o nivel axeitado, máis nada.

Tendo en conta que algúns dos obxectivos dos Celga deben ser mellorar as actitudes cara ao galego da cidadanía, mellorar as súas competencias e procurar avances no proceso de normalización lingüística, propomos que a cada persoa candidata se lle facilite algunha información máis sobre os coñecementos e competencias demostradas no exame, a través dun pequeno informe. Deste xeito, cada persoa tería unha información mínima de que aspectos ten que mellorar e poñeríanse en valor aqueles outros aspectos en que as persoas xa cumpren os obxectivos. Isto é, por exemplo, se unha persoa galegofalante habitual cun galego oral correcto ten algúns problemas, por exemplo, ortográficos ou de adecuación ao contexto, ten que saber que os seus problemas na proba foron eses (ortográficos e de adecuación ao contexto), e non outros (de pronuncia, por exemplo).

- **Selección axeitada dos contidos non lingüísticos das probas**

Para o deseño dos diversos exercicios das probas de obtención do certificado hai que seleccionar contidos alén dos lingüísticos, para que as persoas aspirantes teñen que ler e/ou escoitar sobre un tema, ou falar e/ou escribir sobre el. Deste xeito, cómpre que a selección deses contidos non lingüísticos sexa, por un lado, axeitada ao nivel sociocultural máximo que para cada nivel se lle pode esixir ás persoas e, por outro, que sirva para que asocien o galego con cuestións positivas, que favorezan o seu uso e prestixio, e que en ningún caso contribúan a afondar en prexuízos.

- **Contacto, intercambio e estandarización de avaliadores/as**

Para mellorar e estandarizar criterios de corrección sería positivo un maior contacto e intercambio entre os/as propios/as avaliadores/as, para o que se



propón, entre outras posibles medidas, que nas xornadas de avaliación haxa sesións prácticas de estandarización de criterios, con casos prácticos de probas; que, na dobre corrección, cando dous/dúas avaliadores/as non coinciden na súa puntuación, que entre eles/as haxa contacto, para saber e intercambiar os criterios e opinións dunhas e doutras persoas; e que haxa un maior seguimento e coordinación dos equipos de avaliación.

- **Maior celeridade na publicación dos resultados**

Actualmente os resultados das probas publícanse no prazo de dous meses desde a realización do exame. Tendo en conta que a primeira revisión e a segunda se pode facer nun prazo de quince días, que a terceira se podería facer nunha semana máis e que debe haber un tempo de marxe para hipotéticos problemas ou incumprimentos de prazos, consideramos que cumpriría reducir os tempos máximos de publicación dos resultados a un mes ou corenta días, pois, en moitas ocasións, hai persoas que necesitan o título para acceder a cursos de inserción laboral, listaxes de contratación, procesos selectivos, etc., e as tardanzas nas publicacións dos resultados supóñenlles graves prexuízos.



ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org
www.ctnl.org

Facebook: www.facebook.com/cotenol
Twitter: @ctnl

Xullo de 2012

